


Arredor do s. III-II a.C. iniciárase un segundo momento de ocupación do xacemento no que se ampliaría o poboado cara o oeste con dous antecastros que permitirían cuadruplicar o espazo orixinal. Neste momento as construcións de madeira deixarían paso a cabanas de pedra de planta circular, cadrada e rectangular.



Estas cabanas teñen unhas características diferentes respecto doutros poboados:

A. A amplitude media das cabanas é de entre 3,5 e 4 m, fronte aos 5,5 m doutros poboados centrais. A pequenez destas construcións quizais se explique por un sistema de organización construtiva socalcado, que opta por construír vivendas e construcións adxectivas en distintos niveis do terreo.

B. Non existen as habituais casas-patio, isto é, construcións para usos múltiples habitadas por unha familia e claramente separadas entre si; en calquera caso cada familia posuía varias construcións.



Moedas serradas

Das tres numismas descubertas ata o de agora no castro, todas elas de prata, as dúas máis antigas presentan restos de corte realizados para comprobar a pureza deste metal precioso e evitar a súa falsificación. Para evitar esta práctica Roma mesmo chegou a cuñar denarios dentados no perímetro exterior realizados a man antes do cuñado. É o que se coñece como *nummi serrati* (moedas serradas).



A maioría das alteracións físicas que presentan estas moedas romanas foron realizadas para descubrir a súa alma, isto é, para confirmar a súa autenticidade. Durante a República (509-27 a.C) e a principios do Imperio (27 a.C.-284 d.C) foi común utilizar unha folla metálica para forrar as moedas, soldándoas ou quentándoas. Os núcleos das moedas ou *nummi* eran sobre todo de cobre e, algunha vez, de ferro. Crese que podían chaparse mediante a súa inmersión en prata líquida.

